

"XXVIII CROSS GUILLELME BROWN"

O sábado 22 de novembro de 2025 celebrarase o "XXVIII Cross Guillelme Brown", proba incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo, atendendo ás seguintes normas:

1. HORARIO, CATEGORÍAS E PERCORRIDO:

Hora	Categoría	Ano de nacemento	Distancia
10:30	Cadete Feminino (S16) Xuvenil Feminino (S18)	2010-2011 2008-2009	3 voltas (2.462m)
10:45	Cadete Masculino (S16) Xuvenil Masculino (S18)	20010-2011 2008-2009	4 voltas (3.284 m)
11:00	Infantil Feminino (S14)	2012-2013	2 voltas (1.642 m)
11:15	Infantil Masculino (S14)	2012-2013	3 voltas (2.462 m)
11:30	Alevín Feminino (S12)	2014-2015	1 volta (821 m)
11:45	Alevín Masculino (S12)	2014-2015	2 voltas (1.642 m)
12:00	Benxamín Feminino (S10)	2016-2017	1 volta (821 m)
12:10	Benxamín Masculino (S10)	2016-2017	1 volta (821 m)
12:20	Prebenxamín (S8)	2018-2019	400 m
12:30	Chupetes: nados no 2020-2021		200 m
12:40	Pais, nais e profesores do colexio		2 voltas (1.642 m)
12:55	Absoluta	2007 e anteriores	5 voltas (4.105 m)
13:30	Entrega de trofeos		

O percorrido, parte terra e herba, parte asfalto, realizarase no interior do recinto escolar.

2. PARTICIPACIÓN

Poderán participar todos os colexios, clubs e asociacións convidadas ao efecto cun só equipo por categoría sen número límite de corredores/as, e calquera atleta que o desexe a nivel individual.

3. INSCRICIÓN

As inscricións, dos deportistas federados, realizaranse polos clubs na SDP da RFEA, **antes das 24'00 horas do xoves día 20 de novembro.**

Os deportistas non federados realizarán a súa inscrición, ata as 24'00 horas do xoves 20 de novembro, cubrindo o formulario na páxina: <https://www.carreirasgalegas.com>.

A Organización establece un límite de 500 inscricións.

O día da proba poderanse realizar os cambios que sexan precisos ata 30 minutos antes do inicio de cada proba.

4. DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización e entregaranse 30 minutos antes do inicio do Cross.

5. CLASIFICACIÓN:

Establécense dúas clasificacións:

- a) **Individual:** segundo a orde de entrada en meta.
- b) **Por equipos:** sumando os puntos obtidos polos cinco atletas mellor clasificados/as de cada equipo, resultando vencedor o equipo que sume menor número de puntos.

6. PREMIOS E TROFEOS:

- a) Trofeo ao mellor equipo clasificado nas categorías benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil tanto masculino como feminino.
- b) Medalla aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría.

c) Bolsas a todos os participantes que cheguen á meta.

A clasificación será individual e por categorías (Chupetes, Prebenxamín (S8), benxamín (S10), alevín (S12), infantil (S14), cadete (S16), xuvenil (S18) e absoluta, tanto masculino como feminino).

7. OUTROS APARTADOS:

- Debido ao carácter popular e sobre todo gratuíto da proba, o colexio contará con 350 bolsas deportivas como agasallo para os participantes, que serán preferentemente para as categorías escolares e para os adultos en función da súa orde de chegada e ata acabar as existencias.
- Os corredores/as deberán situarse na zona de saída cinco minutos antes do inicio, unha vez avisados polos xuíces.
- Aqueles corredores que posúan licencia federativa deberán indicar na ficha de inscrición o seu número.
- Ao longo do percorrido haberá controis a cargo da organización.
- Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

LOPD: Todos/as os/as corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Así mesmo autorizan á gravación e realización de fotografías e vídeos para a difusión da proba e publicidade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.